

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE FACENDA**

*RESOLUCIÓN do 9 de abril de 2018 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de abril de 2018 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade.*

A aprobación da modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade xustifícase polas razóns indicadas no punto primeiro do acordo.

En consecuencia, por proposta da Consellería de Sanidade, unha vez consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma e a Comisión de Persoal, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 5 de abril de 2018, adoptou o seguinte

**ACORDO:**

Primeiro. Apróbase a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade, nos termos que se sinalan no anexo a este acordo, como consecuencia das súas necesidades funcionais e organizativas actuais.

Segundo. Ordénase a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos da entrada en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Visto o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 5 de abril de 2018, relativo á aprobación da modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade, coa finalidade de cumprir o dito acordo, de conformidade coa Orde da Consellería de Facenda do 8 de xullo de 2013 sobre delegación de competencias na Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm. 136, do 18 de xullo), dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

O conselleiro de Facenda  
P.D. (Orde do 8.7.2013)  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública





ANEXO

Consellería de Sanidade

Na vixente relación de postos de traballo da consellería de Sanidade prodúcense as seguintes modificacións:

**Persoal funcionario**

**CREACIÓNS:**

No centro de destino que se relaciona engádesse o seguinte posto de traballo de nova creación:

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Adm. P. func.	Área académica	Titulación académica	Formación específica	Observacións
<b>SECRETARIA XERAL TÉCNICA</b>										
<b>CENTRO DE DESTINO:</b>		<b>S. X. DE RÉXIME XURÍDICO E ADMINISTRATIVO</b>								
SA.C02.00.002.15770.016	XEFATURA DE SECCIÓN	25	12.012,56	C	A1-A2-C1	XERAL	A12		640	

**AMORTIZACIÓNS:**

No centro de destino que se especifica amortízanse os seguintes postos de traballo:

Código do posto	Denominación
<b>SECRETARIA XERAL TÉCNICA</b>	
<b>CENTRO DE DESTINO:</b>	
<b>SECRETARIA XERAL TÉCNICA</b>	
SA.C02.00.000.15770.020	POSTO BASE SUBGRUPO CI
SA.C02.00.000.15770.040	SUBALTERNO/A

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN**

C CONCURSO

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS**

640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

A12 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E ADMINISTRACIÓN LOCAL